

importantes e útiles, tales como micelas, microemulsións, vesículas, liposomas, membranas, etc.. Os obxectivos tratan de establecer os modelos de reactividade e transporte de materia nestes medios, fundamentalmente para reaccións de claro interese biolóxico e médico procurando establecer patróns biomiméticos. Un exemplo recente é o estudio da vehiculización de fármacos e ións de interese biolóxico en sistemas microheteroxéneos mediante moléculas transportadoras do estilo de ciclodextrinas, éteres corona, criptandos, etc., nun intento de mimetización in vitro do transporte, biodisponibilidade e distribución sistémica de fármacos in vivo.

O investigador Mejuto Fernández publicou diversos traballos científicos, comunicacións en congresos, capítulos de libros e proxectos de investigación en medios especializados (*Langmuir, Journal Chemical Education, Journal Physical Chemistry, Journal of Chemical Research, Journal of Physical Organic Chemistry*) tanto individual coma conxuntamente.

MÉNDEZ PÉREZ, Lourdes. (San Sebastián, 1957). Filla, neta e bisneta de galegos, estudiou Antropoloxía e Socioloxía na Universidade de París VIII, na que se licenciou en Socioloxía (1979). Aquí comezan as súas primeiras investigacións nas que Galicia e o concello lugués de Abadín van ser o centro de referencia e nas que se fai patente —o que constituirá unha constante na súa traxectoria científica e profesional— o seu intento de aplicar os enfoques prácticos neomaterialistas propios da antropoloxía feminista. En 1980 obtén o *maitris* en Sociologie, con *Religion, Superstition et Sorcellerie en Galice*, en 1981 o DEA na especialidade de socioloxía (*Culture, Idéologie, Société*) e en 1985 o doutorado en terceiro ciclo (*Filière: Sociologie Critique et Anthropologie*) cunha tese titulada *L'Evolution de la vie quotidienne des paysannes de Lugo entre 1940-1980. L'Exemple du municipio d'Abadín*, que posteriormente dará lugar á publicación do libro *"Cousas de Mulleres". Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)* [Barcelona, 1988]. Á súa volta a Euskadi incorpórase como profesora de Antropoloxía á Facultade de Belas Artes da Universidade do País Vasco —onde desenvolve a súa actividade académica desde 1985 ata a actualidade— e ábreselle un novo campo de interese: a arte e as mulleres, que se plasma na publicación de dous novos libros: *Antropología de la producción artística* (Madrid, 1995) e *Os labirintos do corpo. Manipulacións ideolóxicas, saberes científicos e obras de arte* (Vigo, 1998).

Participa en numerosos congresos e imparte seminarios especializados, cursos de doutoramento e posgrao en diversas universidades españolas. Dirixe varios proxectos de investigación e recibe unha bolsa do goberno canadiano para desenvolver un proxecto titulado "Femmes: Approches Interculturelles" en 1994. A súa actividade vaise complementar, por unha parte, co desempeño de cargos académicos (vicedecana da Fac. de Belas Artes, directora do Departamento de Filosofía dos Valores e Antropoloxía Social), e por outra, coa elaboración de textos en catálogos de exposicións: "Por la igualdad en la práctica" (Vitoria, 1994), "Trans Sexual Express: recorridos artísticos por cuerpos, géneros e identidades de sexo" (Bilbao, 1999).

Aínda que a súa actividade científica e profesional a leva a distanciarse das labregas galegas, a súa vinculación con Galicia, lonxe de quedar desleigada dos vencellos familiares e as súas primeiras investigacións, vai ser constante. Publicando en galego, ademais do libro xa citado, diversos artigos: "Muller e cambio social en Galicia" (*Encrucillada*, 67, 1990); "O Planetoide 433: Eros" (*Festa da Palabra Silenciada*, 8, 1991); "¿Dous sexos? A construción da diferenza entre os sexos como marca da cultura" (*Andaina. Revista Galega de Pensamento Feminista*, 12, 1997). Participa en congresos e publicacións do Museo do Pobo Galego: "Recetarios mágico-científicos al servicio de la estética de la delgadez. Cuerpos de mujeres, cuerpos de hombres" (*Anorexia: dieta, estética, creencias*, Santiago, 1995), "Identidade galega e identidade de xénero no mundo rural" (*O Feito Diferencial Galego, tomo III. Antropoloxía*, Santiago, 1999). Así mesmo é poñente na Semana de Filosofía de Pontevedra, organizada pola Aula Castelao de Filosofía (1990, 1995), imparte docencia no Curso de Posgrao "Muller, Historia e Sociedade" (*IDEGA*, 1990) e no programa de doutoramento do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social da Universidade de Compostela. Na actualidade está próxima a ver a luz unha nova contribución súa sobre as mulleres artistas galegas.

Ademais das publicacións mencionadas merecen destacarse as seguintes: *Arte y Mujer* (Bilbao, 1987) e *Teoría Feminista: Identidad, Género y Política* (San Sebastián, 1993), en calidade de editora; os estudos "Género, Obra y Arte" (en *La Mujer y la Palabra*, San Sebastián, 1987); "La mujer artista: una aproximación antropológica"

(en *Arte y Mujer*, Bilbao, 1987); "Reflexión sobre la poco común producción de las pequeñas mujeres" (en *Antropología de los pueblos de España*, Madrid, 1991); "Influencia de la teoría feminista en las Ciencias Sociales: una revisión conceptual" e "Identidad de sexo, Identidad de género y producción artística" (en *Teoría Feminista: Identidad, Género y Política*, San Sebastián, 1993); "Conceptos para reescribir la historia: los enfoques feministas en Ciencias Sociales" (en *Las Mujeres Vascas en la Historia*, Bilbao, 1997); "Ils voient des différences, elles n'en voient pas. Des artistes femmes dans le champ de production artistique" (en *Recherches Feministes*, 4, 1991); "La médiation esthétique cosmocentrique" (en *Anthropologie et Sociétés*, 16, 1992); "Oeuvres d'art, artistes et enjeux politiques au Pays Basque Espagnol" (en *Anthropologie et Sociétés*, 19, 1995); "Las relaciones sociales entre los sexos: treinta años de análisis feministas en Ciencias Sociales" (en *Cuadernos del Centro de Estudios en Género*, 1, Medellín, Univ. de Antioquía, 1998); "Cuerpos sexuados, o algo más. Desestabilizaciones teóricas y praxis artísticas en la década de los noventa" (en *ART y CO*, 4, 1999). [M.-X.A.R.]